

REGULAMENTO PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO FIN DE MASTER MASTER UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN INTEGRADA DE PROXECTOS

**UNIVERSIDADE DA CORUÑA
UNIVERSIDADE DE VIGO**

1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O obxecto das presentes instrucións é regular o marco de realización e avaliación do Traballo de fin de Máster (en adiante, TFM), que forma parte do programa de estudos do Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos das Universidades da Coruña e de Vigo, impartido na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica da primeira, e na Facultade de CC. Da Educación e do Deporte da segunda.

2. CONSIDERACIÓN XERAIS

1. O TFM supón a realización por parte de cada estudante de forma individual, dun proxecto, memoria, estudo concreto ou un traballo de especialización, que integra os coñecementos asimilados nas diversas disciplinas impartidas durante o mestrado, centrado no desenvolvemento dunha aplicación de tipo práctico.
2. O TFM facilitará o desenvolvemento das habilidades críticas, analíticas e creativas do alumnado ao adaptar solucións e métodos estudados na teoría a problemas reais. Excepcionalmente, poderá ser un traballo de investigación sobre algún dos temas fundamentais na Dirección Integrada de Proxectos, neste caso requirirase a presentación con carácter previo, dunha memoria de investigación razoada e que inclúa referencias à bibliografía existente sobre o tema concreto proposto. A devandita memoria deberá estar avalada por un director, docente do Master.
3. O TFM será realizado de forma individual baixo a supervisión dun ou máis directores.
4. O TFM só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o alumnado ten superado todos os créditos necesarios agás os correspondentes aos propios do TFM para a obtención do título de Máster
5. O TFM será defendido polo alumnado ante o Tribunal designado pola Comisión Académica do Máster, de forma pública e presencialmente/virtualmente.
6. A primeira oportunidade de defensa e avaliación dos TFM realizarase nos meses de maio/xuño/xullo. A segunda oportunidade realizarase nos meses de xullo/setembro. No mes de decembro terá lugar a convocatoria extraordinaria adiantada.
7. A carga do TFM defínese no plano de estudos do Máster e se desenvolverá na correspondente Guía Docente da materia.

3. PROPOSTA INICIAL DO TRABAJO FIN DE MASTER: ASIGNACIÓN DE TEMA, DIRECTOR E APROBACIÓN DA PROPOSTA

1. No mes de decembro/xaneiro do curso académico en vigor farase unha xornada informativa sobre o TFM e o procedemento de aprobación da proposta inicial do mesmo.
2. Posteriormente, o alumno terá que comunicar á Coordinación do Máster, durante o mes de xaneiro e segundo o modelo do Anexo I, a proposta inicial do seu TFM na que propoñerá un tema e/ou un director/tutor. As propostas fora de prazo poderán non terse en conta. Previamente, o profesorado do Máster puido propoñer temáticas de interese para o alumnado.
3. A Comisión Académica do Máster resolverá a aprobación das propostas iniciais de TFM completas e asignará de oficio a un director/tutor no caso dos alumnos pendentes de director e/ou temática. Na resolución das propostas iniciais de TFM completas teranse en conta os seguintes criterios:
 - Autorización e informe previo do proxecto polo director.
 - O proxecto estará relacionado cos sectores da edificación e desenvolvemento territorial, sistemas de información u ocio y deporte, e debe ter un mínimo de amplitude para poder reflectir o aprendido nas materias ao longo dos estudos do Master.
 - O traballo debe ser orixinal, desenvolvido polo propio alumnado, e non se admitirán traballos simplemente descritivos, que unicamente recompilen información.
 - O traballo presentará a estrutura establecida nas presentes instrucións, agás os Traballos de Investigación que deberán comprender na memoria a estrutura de un proxecto de investigación que deberá estar refrendado polo Director.
4. Calquera modificación da proposta inicial aprobada pola Comisión Académica terá que ser comunicada novamente á Coordinación do Máster segundo o modelo do Anexo I.

4. DIRECCIÓN DO TRABALLO DE FIN DE MASTER

O TFM será dirixido alomenos por un membro do profesorado con docencia no plan de estudos do Máster, preferentemente Doutor. Tal profesor/a será responsable de:

1. Facilitar ao alumnado as orientacións adecuadas para elaboración do TFM. Isto non implica que o director do proxecto resolva os problemas, xa que se está a examinar a capacidade do alumnado para facerlles fronte.
2. Antes da presentación para ser avaliada, o director supervisará a realización do proxecto, a calidade dos seus contidos e que se desenvolva de acordo coas presentes normas. Dará a súa opinión sobre cada estudante e o traballo realizado cubrindo o formulario segundo o modelo do Anexo IV/Secretaría Virtual dando a conformidade para que se poida presentar ante a Comisión de defensa do TFM.
3. O director dun TFM non poderá ser membro do Tribunal que o cualifique.

4. O TFM poderá ser dirixido por máis dunha persoa, sempre e cando, unha delas sexa un membro actual do profesorado que imparte docencia no plan de estudos do Título de Mestrado.
5. Se no marco dun convenio de prácticas o estudante ten que desenvolver parte do TFM ou a súa totalidade noutro organismo distinto as Universidades de Vigo e da Coruña, unha das persoas que dirixa o traballo poderá pertencer a esa entidade, co fin de que colabore na definición e o desenvolvemento do TFM, debendo sempre ser aprobado este feito pola Comisión académica.
6. No caso de que o TFM se inclúa nun contrato dun programa de mobilidade, asignarase como director do traballo ao coordinador de mobilidade do centro que, utilizando o mesmo procedemento que os demais directores na Secretaría Virtual, emitirá un informe favorable á defensa cando teña coñecemento oficial da superación da proba por parte do estudante, deixando constancia de que se trata dun TFM dun programa de mobilidade. Deste xeito poderase continuar co procedemento establecido con carácter xeral: solicitude de defensa (*que neste caso se entende como solicitude de incorporación da cualificación ao expediente*) por parte do estudante, asignación de tribunal por parte do centro, cualificación do traballo e acta individual.

5. TRIBUNAIS DE AVALIACIÓN

1. A Comisión Académica do Máster determinará os Tribunais de avaliación que cualificarán cada traballo presentado.
2. Cada Tribunal estará formado como mínimo por tres persoas (Presidente, Secretario e Vogal) e os correspondentes suplentes, se a Comisión Académica do Máster o considera oportuno en función da dispoñibilidade do profesorado. Procurarase que todas elas fosen ou sexan profesores actuais do Máster. De non ser posible, poderán ser membros do profesorado do centro no que se imparte o Título de Mestrado e/ou dos departamentos involucrados na docencia.
3. O/a director/a do TFM non poderá formar parte do tribunal.
4. Salvo que a Comisión Académica do Máster estableza outro criterio, utilizaranse a categoría docente e a antigüidade para nomear ao Presidente e ao Secretario.

6. DEFENSA DO TRABALLO DE FIN DE MASTER

1. O número de convocatorias en cada ano académico seguirá a normativa xeral da Universidade e figurarán explicitamente no calendario académico do Máster (1ª oportunidade, 2ª oportunidade e adianto de oportunidade).
2. O alumnado comunicará por correo electrónico á Coordinación do Máster e, dentro da data tope fixada no calendario académico do Máster, a intención non vinculante de querer presentar e defender o seu TFM na convocatoria correspondente.

3. O alumnado solicitará a defensa do TFM polo procedemento establecido polas Universidades involucradas e entregará na data tope fixada no calendario académico do Máster toda a documentación do seu traballo final en formato electrónico a través da Plataforma Open LMS/formulario web, entre outras opcións.

a) Os documentos presentaránse en formato PDF ou outros formatos abertos. Os arquivos PDF poderán incluír ligazóns de hipertexto e información multimedia. Os arquivos PDF non estarán protexidos. O tamaño de cada arquivo non superará os 30 Mb. O número máximo de arquivos será de 10.

b) Para nomear os arquivos que conteñen o documento principal, procederase desta forma:

i. Sexa, por exemplo, o TFM defendido en 2014 por José Manuel PérezLópez.

Se o documento principal TFM en formato electrónico constara dun só arquivo, este chamaráse:

PerezLopez_JoseManuel_ TFM _2014.pdf

ii. En cambio, se o documento principal do TFM en formato electrónico estiver formado por tres arquivos, estes chamaranse:

PerezLopez_JoseManuel_ TFG _2014_01de3.pdf

PerezLopez_JoseManuel_ TFG _2014_02de3.pdf

PerezLopez_JoseManuel_ TFG _2014_03de3.pdf

iii. Non deben utilizarse nin espazos nin acentos nin a ñ no nome dos arquivos, co fin de asegurar a compatibilidade con todos os navegadores.

c) Para outros arquivos, procederase desta forma:

i. Poderán achegar arquivos doutros tipos (imaxes, programas de ordenador, información multimedia etc.) en formatos coñecidos.

ii. Nese caso, e para favorecer a súa identificación, o nome dos arquivos adicionais seguirá unha pauta similar á dos que conteñen o documento principal.

iii. O autor indicará o tipo de arquivo que envía e a extensión propia deste arquivo.

iv. A numeración manténse a do conxunto.

v. Por exemplo, se o documento principal do TFM en formato electrónico estiver formado por tres arquivos e ademais contén un video, estes chamaranse:

PerezLopez_JoseManuel_ TFM _2014_01de4.pdf

PerezLopez_JoseManuel_ TFM _2014_02de4.pdf

PerezLopez_JoseManuel_ TFM _2014_03de4.pdf

PerezLopez_JoseManuel_ TFM _2014_Video_04de4.mpg

- d) Poderán definir hipervínculos para acceder a estes contidos desde os arquivos PDF que forman o documento principal do TFM.
4. A Comisión Académica informará sobre o traballo presentado. Un informe positivo permitirá ao alumno proceder a defensa do TFM na data correspondente. No caso de ser negativo, o traballo deberá ser mellorado e presentado de novo nas seguintes convocatorias.
5. A data límite para a defensa do TFM será o día de peche das actas da correspondente convocatoria.
6. A Coordinación do Master notificará a cada alumno/a o lugar, día e hora fixados para a defensa do seu traballo, como tamén o formato de defensa e o tempo máximo do que dispón para a súa exposición (entre 10-15 minutos). O alumno pode facer chegar o material que irá a utilizar na defensa á Coordinación do Master para o seu traslado ao Tribunal de Avaliación.
7. Defensa pública:
- a) A defensa do TFM será realizada de forma presencial (alumnos da modalidade presencial) e de forma virtual (alumnos da modalidade a distancia) en sesión pública, por medio da exposición oral do seu contido ou das liñas principais do mesmo durante o tempo máximo especificado na citación para a defensa (entre 10-15 minutos). Se por problemas de configuración e/ou dispoñibilidade do Tribunal con profesores propios do Máster da UDC e/ou UVIGO ou resultase dificultosa a citación dos alumnos para a defensa matriculados na UDC e/ou UVIGO, a Comisión Académica poderá aprobar un formato de presentación virtual. Excepcionalmente, e por causa xustificada, o estudante poderá solicitar ante a Comisión Académica do Máster a defensa do seu TFM en modalidade diferente á recollida neste regulamento.
- b) A continuación, o alumnado contestará ás preguntas e ás aclaracións que formulen os membros do Tribunal (máximo 15 minutos de preguntas-respostas).
- c) O Tribunal deliberará sobre a cualificación a sesión pechada.

7. AVALIACIÓN E ACTAS

1. Para a avaliación do TFM o tribunal valorará:
 - a) A adaptación do traballo á tipoloxía xeral dun proxecto: inicio, planificación, execución, seguimento, control e peche do proxecto.
 - b) A existencia dun produto/resultado, aplicabilidade e funcionalidade e calquera outra característica que permita establecer as capacidades do alumno no ámbito profesional relacionado coa temática do Máster.
 - c) A calidade científica do traballo, valorada tanto polos resultados alcanzados, difusión e/ou as posibilidades de continuidade do traballo.
 - d) A defensa pública do TFM e a calidade formal do documento presentado.
2. A cualificación outorgarase nunha escala numérica de 0 a 10 seguindo as pautas recollidas no anexo I, con expresión dun decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa:
 - a) 0 - 4,9: Suspenso (SS)
 - b) 5,0 - 6,9: Aprobado (AP)
 - c) 7,0 - 8,9: Notable (NT)
 - d) 9,0-10: Sobresaliente (SB)
3. Se o resultado da cualificación fose suspenso, o alumno pode solicitar ó Tribunal un documento coas recomendacións que consideren oportunas para a mellora do traballo.
4. O Tribunal cubrirá e asinará a correspondente Acta de Cualificación (provisional) segundo o modelo do Anexo III. O orixinal da acta entregarase ao Coordinador do Máster para comunicar as notas aos alumnos.
5. Posteriormente, o membro do Tribunal correspondente dará cumprimento ao procedemento administrativo en cada unha das Universidades involucradas cumprimentando e asinando dixitalmente as actas individuais (definitivas) na Secretaría Virtual da UDC/UVIGO nos períodos establecidos no calendario académico das Universidades.

8. ESTRUCTURA DO TRABALLO

1. O TFM deberá constar das seguintes partes:

- a) Portada.
- b) Índice Paxinado.
- c) Resumo.
- d) Contextualización e Xustificación.
- e) Desenvolvemento do Plan para a Dirección do Proxecto.
- f) Reflexións e Conclusións Finais.
- g) Bibliografía.
- h) Anexos, no seu caso.

No caso de Proxectos de investigación, deberá incluír, en vez do Desenvolvemento do Plan para a Dirección do Proxecto os seguintes apartados:

- Revisión do Estado da Arte.
- Desenrolo del Modelo/hipóteses.
- Contraste de Modelo/Hipóteses.

2. Cada unha das partes mencionadas deberá recoller a seguinte información:

- a) Portada. Será de deseño libre, pero incluírá: escudo e nome da Universidade; nome da Facultade; nome do Máster; título do TFM *en Galego, Castelán e Inglés* e nomes do autor e do director; ano de presentación.
- b) Resumo: recolle un breve resumo do contido do traballo (*recomendase a realización do resumo tamén en inglés*).
- c) Xustificación e Contextualización: recolle a intención do autor e presenta o problema ou tema específico de estudo (os obxectivos ou as hipóteses). Descríbense as principais características do traballo, unha breve discusión sobre os antecedentes teóricos e empíricos e defínense os conceptos principais que serán utilizados no estudo.
- d) Desenvolvemento do Plan para a Dirección do Proxecto: Aplicación e integración adecuada dos 5 grupos de procesos da dirección de proxectos e manexo das interdependencias entre as áreas de coñecemento da dirección de proxectos. O plan para a dirección do proxecto debe integrar e consolidar todos os plans de xestión subsidiarios: alcance do proxecto, requisitos, cronograma, custos, calidade, melloras do proceso, recursos humanos, comunicacións, riscos, adquisicións ...
- e) Bibliografía: Ao final do informe aparece a sección de referencias a obras e fontes consultadas, de acordo, por exemplo, coa norma de estilo APA.

- f) Anexos: o apéndice ou anexo achega unha información detallada que doutro xeito distraería a lectura no corpo do informe. Esta sección do traballo pode incluír táboas, gráficos, unha mostra do/s cuestionario/s empregado/s etc. No texto do traballo farase referencia aos contidos do anexo. Un traballo pode incluír máis dun anexo.
3. O proxecto, que deberá realizarse en lingua galega ou castelá, non superará as 100 páxinas a espazo 1, tipo de letra calibri ou arial, tamaño de letra 11, e parafos xustificadas. A maiores, tamén poderá ser presentada unha copia en outro idioma da U.E.

9. DEPÓSITO

A Comisión Académica do Mestrado seleccionará os traballos que serán publicados no Repositorio Institucional da UDC (RUC) e/ou UVIGO atendendo a súa calidade. O ingreso limitárase aos TFM con una cualificación igual ou superior a oito puntos, e, de ser o caso, aqueles con cualificación inferior que a Comisión Académica considere de utilidade. Para isto, a Coordinación do mestrado enviará unha copia en formato electrónico á Biblioteca do Centro.

En caso de que o(s) autor(es) do TFM non autorice(n) o depósito e a publicación deste no Repositorio Institucional, por razóns de confidencialidade entre outras, deberá(n) solicitálo previamente ante a Comisión Académica, que resolverá en cada caso.

10. CONFIDENCIALIDADE E PROPIEDAD INTELECTUAL

A confidencialidade dos TFM no contexto deste regulamento será tratada conforme ao establecido na normativa de cada unha das Universidades involucradas, garantindo en todo caso, a confidencialidade de todo o proceso (oferta/proposta inicial, elaboración/tutorización, entrega/depósito, defensa pública, publicación, ...).

A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual corresponderá ao alumno, sen prexuízo de que se poidan compartir eses dereitos, se así o acordasen, o autor e as persoas implicadas na elaboración do TFM. No caso de conflito estarase ao que digan as normativas da UDC/UVIGO nesta materia.



ESPECIALIDADES
- EDIFICACIÓN Y DESARROLLO TERRITORIAL (UDC)
- SISTEMAS DE INFORMACIÓN (UVIGO)
- OCIO Y DEPORTE (UVIGO)



UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Universidade de Vigo

ANEXO I

SOLICITUDE DE PROPOSTA DO TFM E ACEPTACIÓN DO DIRECTOR

1. Datos do alumno:

Nome e apelidos do alumno/a:

DNI:

Enderezo:

Teléfono:

Correo electrónico:

2. Datos do proxecto:

☐ Idea Propia

☐ Idea Proposta

Nome e apelidos do director/a proposto:

Nome e apelidos do director/a:

Título do Proxecto: (En Castelán, Galego e Inglés)

Resumo do Proxecto:

Vº Bº e aceptación
Sinatura do/s Director/es

A Coruña/Pontevedra a, de do 20

Sinatura do alumno/a

SR/A COORDINADOR/A DO MASTER UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN INTEGRADA DE PROXECTOS

ANEXO II-A PAUTAS DE CUALIFICACIÓN NO TRIBUNAL 1/2 - SISTEMA TIPOLOXIA XERAL DE UN PROXECTO

AVALIACIÓN						
		CUALIFICACIÓN CUALITATIVA				CUALIFICACIÓN NUMÉRICA
		Non aceptable	Por debaixo do agardado	Cumpre o agardado	Sobrepasa o agardado	
Traballo realizado 50%	Teoría					
	Metodoloxía					
	Análise dos resultados					
	Conclusións					
	Redacción					
TOTAL TRABALLO REALIZADO						
Presentación 35%	Axudas visuais					
	Orde lóxica dos temas					
	Habilidades de orador					
TOTAL PRESENTACIÓN						
Preguntas 15%						
CUALIFICACIÓN FINAL						

ANEXO II-A PAUTAS DE CUALIFICACIÓN NO TRIBUNAL 2/2 SISTEMA TIPOLOXIA XERAL DE UN PROXECTO

Ás cualificacións da táboa anterior chégase despois de avaliar:

		CUALIFICACIÓN CUALITATIVA			
		Non aceptable	Por debaixo do agardado	Cumpre o agardado	Sobrepasa o agardado
Traballo realizado 50%	Teoría	Non existe con claridade	Existe pero non adoptou una solución axeitada	Solución axeitada	Domina ben a teoría e soubo darse boa solución
	Metodoloxía	Non existe con claridade	Existe pero non adoptou una solución axeitada	Solución axeitada	Domina ben a metodoloxía e soubo darse boa solución
	Análise dos resultados	Non son claros	Son claros	Están ben tratados	Están moi ben tratados
	Conclusións	Non están en concordancia cos resultados e co marco teórico	Están en concordancia	Non ten capacidade crítica	Ten capacidade crítica e sabe apuntar a novas cuestión para o futuro da investigación
	Redacción	Avaliarase a rigorosidade académica con que escribe, o xeito de citar, presentar táboas, esquemas, etc.			
Presentación 35%	Axudas visuais	Non está claro e non é lexible	É difícil de interpretar	Claro e lexible	Cantidade adecuada de información e claridade e lexibilidade excelentes
	Orde lóxica dos temas	Totalmente desordenada, sen organización/ total descontrol do tempo	Alguns elementos desordenados/mal uso do tempo	Ben ordenados os elementos/uso adecuado do tempo	Excelente organización
	Habilidades de orador	Inintelixible	Transmite falta de coñecementos	Adecuada	Moi boas habilidades para transmitir
Preguntas 15%		Non se da contestación ás preguntas	Contéstase de forma evasiva	Da respostas claras, directas e completa ás preguntas	Responde claramente e convence

ANEXO II-B

PAUTAS DE CUALIFICACIÓN NO TRIBUNAL 1/2 - SISTEMA PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

AVALIACIÓN						
		CUALIFICACIÓN CUALITATIVA				CUALIFICACIÓN NUMÉRICA
		Non aceptable	Por debaixo do agardado	Cumpre o agardado	Sobrepasa o agardado	
Traballo realizado 50%	Estado do Arte					
	Desarrollo del Modelo/ Hipóteses					
	Contraste de Modelo/ Hipóteses					
	Reflexións/ Conclusións					
	Redacción					
TOTAL TRABALLO REALIZADO						
Presentación 35%	Axudas visuais					
	Orde lóxica dos temas					
	Habilidades de orador					
TOTAL PRESENTACIÓN						
Preguntas 15%						
CUALIFICACIÓN FINAL						

ANEXO II-B

PAUTAS DE CUALIFICACIÓN NO TRIBUNAL 2/2 - SISTEMA PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

Ás cualificacións da táboa anterior chégase despois de avaliar:

		CUALIFICACIÓN CUALITATIVA			
		Non aceptable	Por debaixo do agardado	Cumpre o agardado	Sobrepasa o agardado
Traballo realizado 50%	Estado do Arte	Non existe con claridade	Existe pero non é exhaustiva ou faltan referencias fundamentais	Revisión axeitada	Revisión exhaustiva e ben referenciada. Discrimina adecuadamente as referencias fundamentais
	Desarrollo del Modelo/ Hipótesis	No desenvolve adecuadamente o Modelo /Hipótesis	Existe pero non esta suficientemente explicitado	Desenvolve o modelo/hipótesis axeitadamente	Presenta un modelo/hipótesis novedoso e de aporte científico importante
	Contraste de Modelo/ Hipótesis	Non existe	Non contrasta con claridade o modelo/hipótesis	Contrasta o modelo axeitadamente	O contraste aporta suficiencia e relevancia no campo estudado.
	Reflexións/ Conclusións	Non están en concordancia cos resultados e co marco teórico	Están en concordancia pero non ten capacidade crítica	Aporta conclusións correctas,	Ten capacidade crítica e sabe apuntar a novas liñas relevantes para o futuro da investigación
	Redacción	Avaliarase a rigorosidade académica con que escribe, o xeito de citar, presentar táboas, esquemas, etc.			
Presentación 35%	Axudas visuais	Non está claro e non é lexible	É difícil de interpretar	Claro e lexible	Cantidade adecuada de información e claridade e lexibilidade excelentes
	Orde lóxica dos temas	Totalmente desordenada, sen organización/ total descontrol do tempo	Alguns elementos desordenados/mal uso do tempo	Ben ordenados os elementos/uso adecuado do tempo	Excelente organización
	Habilidades de orador	Inintelixible	Transmite falta de coñecementos	Adecuada	Moi boas habilidades para transmitir
Preguntas 15%		Non se da contestación ás preguntas	Contéstase de forma evasiva	Da respostas claras, directas e completa ás preguntas	Responde claramente e convence

ANEXO III ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DO TFM

O Tribunal, reunida o día ____ de _____ de 20 __, que formaron os seguintes membros:

Presidente:

Secretario:

Vogal:

O presidente inicia a sesión ás _____ horas para a valoración que corresponde aos Traballos de Fin de Máster, e remata ás _____ horas. Despois de considerar os aspectos que se recollen nas instrucións para a realización do TFM aprobados pola Comisión Académica do Máster, o tribunal realiza a valoración que se indica a continuación:

Alumno/a (apelidos e nome)	Valoración	Observacións e incidencias

A Coruña, ____ de _____ de 20 __

PRESIDENTE/A

SECRETARIO/A

VOGAL

ANEXO IV CONFORMIDADE DO PROXECTO. INFORME DO DIRECTOR

1. Datos do alumno:

Nome e apelidos do alumno/a:

DNI:

Enderezo:

Teléfono:

Correo electrónico:

2. Título do Proxecto:

3. Informe do Proxecto e conformidade do/s Director/es para a súa presentación á Comisión Académica:

Instrucións:

- O alumno ten que: cumprimentar o apartado 1 e 2; fechar e firmalo, preferiblemente dixitalmente e; enviarlo ao director do TFM
- O director ten que: cumprimentar o apartado 3; firmalo, preferiblemente dixitalmente e; enviarlo ao alumno e/ou Coordinador do Máster (coordinador.masterdip@udc.es)

A Coruña/Pontevedra a, de do 20

Sinatura do Director/es

Sinatura do alumno/a

SR/A COORDINADOR/A DO MASTER UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN INTEGRADA DE PROXECTOS